



## O PLAN DE IGUALDADE PARA O PERSOAL DO PARLAMENTO

O día 28 de febreiro a Mesa do Parlamento de Galiza levou a mesa un documento de borrador de Plan de Igualdade, coa finalidade de que as organizacións sindicais convocadas o validáramos, máis **non podemos darlle tal validez** a un documento no que dende o primeiro momento non cumpre o requisito de negociación colectiva prevista na Lei Orgánica de Igualdade.

**Os Plans de Igualdade nas AAPP constitúen, en si mesmos, un proceso de negociación, do que forman parte as seguintes fases:**

- 1) Publicación do Compromiso Institucional da súa elaboración.
- 2) Constitución da Comisión Negociadora, que ten que ser Paritaria.
- 3) Aprobar o regulamento da comisión negociadora.
- 4) Elaboración da diagnose.
- 5) Concreción do propio plan co fin de implementar as medidas.

Porén, as organizacións sindicais, confirmamos que non fomos convocadas, procedendo a Administración a constituír unha Comisión de Igualdade sen capacidade real nin efectiva de negociación. É unha cuestión de forma que perverte a elaboración do Plan dende o principio e que ten consecuencia directa no resultado. Non é que o Plan elaborado estea “ben ou mal feito” e que simplemente non se negociou.

A elaboración dun Plan de Igualdade é de obrigado cumprimento para todas as administracións públicas, que non depende do número de traballadores/as, e imos con 7 anos de atraso. Non podemos nin debemos aceptar que o I Plan de Igualdade para o persoal ao servizo do Parlamento non sexa un procedemento negociado de toma de decisións.

### **O inexplicable proceder da Administración do Parlamento**

Ante a falla de Xunta de Persoal, a Administración do Parlamento convocou unha asemblea para elixir a persoal da propia administración e conformar unha comisión sen capacidade negociadora, en vez de convocar as organizacións máis representativas, que son as que na ausencia de Xunta de Persoal teñen a capacidade de negociar. Tampouco se nos informou deses pasos para elaborar o Plan de Igualdade.

Podemos entender que non era mala a intención e que actuaron seguindo o asesoramento privado que contrataron, pero na práctica, o que pasou e que non se deu capacidade de negociación aos traballadores e traballadoras, pervertendo completamente o proceso que agora resulta fallido, tendo que comezar de novo despois de todo un ano de traballo e moitos esforzos perdidos.

### **Hai que constituír urxentemente a Comisión Negociadora**

Mais agora hai que tirar para adiante e aportar solucións, desta forma as organizacións sindicais presentes na Mesa de negociación do Parlamento, CIG, CSIF, CCoo e UGT demandamos que se constituía URXENTEMENTE a Comisión Negociadora para a realización do I PLAN DE IGUALDADE PARA O PERSOAL AO SERVIZO DO PARLAMENTO en base a normativa e cun procedemento negociado.